1.	Datos do centro

Código	Denominación
36010848	Cpr plurilingüe San Fernando

Enderezo		C.P.
Baixada a Salgueira 39-40		36204
Localidade	**Concello**	**Provincia**
Vigo	Vigo	Pontevedra

Teléfono	Correo electrónico
986410361	cpr.sanfernando@edu.xunta.es
Páxina web	
https://colegiosanfernandovigo.com	

Índice

Introdución 3
Medidas de prevención básica 3
Medidas xerais de protección individual 6
Medidas de limpeza 7
Material de protección 8
Xestión dos abrochos 8
Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade 10
Medidas de carácter organizativo 11
Medidas en relación coas familias e ANPA 14
Medidas para o alumnado transportado 15
Medidas de uso do comedor 16
Medidas específicas para o uso doutros espazos 17
Medidas especiais para os recreos 19
Medidas especificas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria 21
Medidas especificas para uso de laboratorios e talleres 22
Medidas especificas para alumnado de NEE 22
Previsións específicas para o profesorado 23
Medidas de carácter formativo e pedagóxico 24

1.	**Introdución.**
O presente Plan de Adaptación foi elaborado polo Equipo Covid seguindo o modelo recomendado no anexo V do protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022. Este documento inclúe recomendacións e directrices en relación ás medidas de prevención e hixiene fronte á Covid-19 para as actividades e instalación deste colexio durante o curso 2021-2022, que poderán ser actualizadas cando a situación epidemiolóxica así o requira.	

Id.	**Medidas de prevención básica**

2.	**Membros do equipo COVID**		
Teléfono móbil de contacto (ou teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil)			986410361
Membro 1	Marta García Oubiña Tlf: 637188404	Cargo	Xefa de estudos
Suplente	José Carlos Taín Campos, Tlf: 677791145	Cargo	Director
Membro 2	Marcos Fernández Domínguez Tlf: 653248951	Cargo	Coordinador Equipo Covid
Suplente	Ana Mayán Villanueva Tlf: 617176999		
Membro 3	Jorge Ramos Suárez Tlf: 618190947	Cargo	Responsable centro ESO
Suplente	Antía Álvarez Davila Tlf: 615300134		

3.	Centro de saúde de referencia		
Centro	CS Bolivia, Rúa Pizarro 22	Teléfono	986471233
Contacto	Pilar Pintos Martínez; Manuel Lorenzo San Martín		

4.	**Espazo de illamento** (determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe)
Aula de illamento nos dous edificios. As aulas de illamento dispoñen de máscaras, xel de mans, limpador desinfectante, termómetro, papeleira de pedal e panos desbotables. Adxúntanse planos de situación de ambas aulas no **anexo I.**	

5.	**Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa** (engadir unha fila por nivel e etapa e indicar o número total)

Educación Primaria	**Nº alumnos**
1º curso EP	12
2º curso EP	8
3º curso EP	19
4º curso EP	10
5º curso EP	11
6 curso EP	24

Educación Secundaria	Nº alumnos
1º curso ESO	24
2º curso ESO	24
3º curso ESO	19
4º curso ESO	14

Educación Infantil	Nº alumnos
3 ANOS	10
4 ANOS	10
5 ANOS	9

6.	**Cadro de persoal do centro educativo** (unicamente número de efectivos)
Docentes	25
Non docente	3

7.	**Determinación dos grupos estables de convivencia** (engadir unha táboa por grupo)

Educación Infantil	Nº alumnos	Nº Profesores
3 ANOS	10	2
4 ANOS	10	2
5 ANOS	9	2

Educación Primaria	Nº alumnos	Nº Profesores
1º curso EP	12	3
2º curso EP	8	4
3º curso EP	19	4
4º curso EP	10	5
5º curso EP	11	4
6 curso EP	24	5

Educación Secundaria	Nº alumnos	Nº Profesores
1º curso ESO	24	8
2º curso ESO	24	10
3º curso ESO	19	11
4º curso ESO	14	10

8.	Medidas específicas para grupos estables de convivencia

Os grupos estables de convivencia empregarán a máscara nos espazos comúns e recreo, así como nas entradas e saídas.

Dentro da propia aula establecemos as seguintes medidas:
- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula, e cando sexan imprescindibles e impliquen a interacción con membros doutro grupo, será preciso gardar a distancia de seguridade.
- Cada alumno terá o seu propio estoxo co material de traballo, con poucos obxectos de emprego imprescindible.
- Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF, música, ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para os movementos polo colexio.
- Existirán zonas ben diferenciadas para que os alumnos poidan gardar o seu material, cando este sexa gardado de xeito grupal, o alumno/a encargado/a de material, de ser o caso, procederá á preceptiva desinfección de mans antes de levalo a cabo. De ser necesario empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.
- Se é preciso que un alumno empregue o encerado, poderá usar un rotulador propio (de estar no listado de material a mercar dende as titorías) ou realizarase unha desinfección previa con xel hidro alcohólico do rotulador de uso compartido.
- Importante cumprir sempre os horario de entrada e saída para evitar as aglomeracións.
- Cando teñan que facer presentacións en voz alta para todo o grupo, empregarase máscara, pois é un momento sensible para que as gotículas alcancen unha maior distancia.
- Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá empregar máscara e facer unha correcta desinfección de mans e utensilios compartidos.

9.	Canle de comunicación

PROFESORADO E PERSOAL NON DOCENTE: - Vía telefónica (centro ou coordinación do equipo Covid)

ALUMNADO: - Vía telefónica chamando ao colexio (986410361)

10.	Rexistro de ausencias

Existirán dous modelos paralelos para o rexistro de asistencia do persoal e alumnado.
Ao rexistro convencional empregado habitualmente, engadiremos un específico para aquelas ausencias provocadas por sintomatoloxía compatible coa Covid-19 aspecto que fará que quede eximida a xustificación a efectos de apertura do protocolo de absentismo escolar e, ao mesmo tempo, permitirá activar as medidas necesarias en caso de confirmación do caso.

11.	Comunicación de incidencias

- Aviso ao coordinador Covid-19.
- Comunicación da persoa coordinadora Covid-19 coas autoridades sanitarias e a familia do afectado:
• Chamada telefónica á familia do afectado/a.
• Chamada telefónica ao centro de saúde de referencia.
• Comunicación coa Xefatura Territorial de Sanidade.
• Subida de datos á aplicación.

Id.	Medidas xerais de protección individual

12.	Situación de pupitres
Os pupitres estarán colocados en liña mirando cara a dirección do posto do profesor. Cando o tamaño da aula o permita, adoptarase a maior distancia posible entre pupitres. En ESO a distancia de seguridade mínima entre o centro da cadeira será de 1,2 metros. Poderase optar pola alternativa de establecer grupos estables de aula, ata un máximo de 25 alumnos que xunto ao seu titor/a poderán conformar grupos de convivencia estable, cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia de seguridade de forma estrita e evitando ou limitando a interacción con outros grupos do centro. Anéxase croques da distribución das aulas **(anexo II).**	

13.	Identificación de espazos ou salas para asignar grupos
En Educación Primaria e Educación Infantil a distribución das mesas faise aproveitando a distancia máxima que permita o aula. En ESO a distancia mínima é de 1,2 metros medidos dende o centro da cadeira. Para a aula de desdobre usarase a biblioteca seguindo as normas de uso común. Anexase plano dos edificios coa distribución das aulas (**anexo III**).	

14.	Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación
Os especialistas de PT e AL terán un espazo para o traballo co alumnado e deberán desinfectar a mesa/cadeira coa axuda do alumnado, na medida do posible, cada cambio de alumnado, e gardar as medidas de distanciamento. Valorase a opción do uso de pantallas soamente no momento de traballo en logopedia. O aula está dotada de desinfectante, xel hidro alcohólico, panos desbotables e papeleira de pedal. Na clase de NNEE seguirase o mesmo procedemento.	

15.	Titorías coas familias
Serán de xeito preferente mediante as plataformas e medios telemáticos ou telefónicamente. Soamente en casos moi concretos, recibirase a un so membro da unidade familiar nos despachos adaptados. Ante posibles revisións de documentos escritos(exames), o titor terá feito fotocopias de ditos documentos para que non exista manipulación dos mesmos.	

16.	Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro
En xeral a páxina web e o resto das RRSS do centro, serán as canles para as comunicacións organizativas, avisos de temas administrativos, reunións... poderá haber comunicacións de titorías por videconferencia e presencial coa máscara e a distancia axeitada logo da solicitude das mesmas, por cita previa ou telefónicamente.	

17.	Uso da máscara no centro
Ë obligatorio o uso de mascarilla durante a estancia no centro para todas as persoas coa única excepción dos nenas e nenos de EI, aínda que o centro recomendará o seu uso cando os nenos saian da clase e sempre en consenso cos pais. .	

18.	Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa
A información chegará á comunidade educativa a través da páxina web do centro.	

Id.	Medidas de limpeza

19.	Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente

No proceso de limpeza respetaranse todas as medidas establecidas no protocolo elaborado pola Xunta de Galicia.
Será solicitado á empresa a asignación nominal de tarefas cos espazos, mobiliario a limpar de xeito frecuente.

Profesorado:
Abrir portas e xanelas para a ventilación das aulas antes da chegada do alumnado e ao longo da xornada.
Desinfección de materiais e zonas comúns.

Empresa de limpeza pola mañá:
Limpeza/desinfección dos baños dúas veces ao longo da xornada lectiva.
Limpeza dos pasamáns e zonas de posible contacto colectivo segundo o plan de limpeza.

Limpador/as (tarde):
Limpeza e desinfección de todas as aulas, baños e zonas de uso común. Limpeza e desinfección da sala de Mestres e despachos.

20.	Distribución horaria do persoal de limpeza

A persoa da limpeza de mañá priorizará na hixiene dos baños e espazos comúns que use o alumnado de distintas aulas, e se rexistrarán as horas de ditas limpezas en ámbolos dous edificios.
Fóra da xornada lectiva realizará a limpeza que viña realizando en anos anteriores.

21.	Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza

Máscara, luvas e aquel outro material que sexa necesario segundo as recomendacións de uso dos distintos productos empregados.

22.	Cadro de control de limpeza dos aseos

Existirá un modelo mensual de control de limpeza, no que se anotarán ás horas ás que se realizaron os labores e a persoa encargada de levalos a cabo.

23.	**Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas** (a colocar en cada aula)

Nas aulas aparecerá un cadro mensual onde se recollerán as horas nas que se fan as ventilacións, que de xeito xeral serán como mínimo na entrada ao colexio, nos cambios de profesorado nunha mesma aula e no recreo.

24.	Determinación dos espazos para a xestión de residuos

A recollida dos residuos estará a cargo da empresa de limpeza do colexio, Terase especial coidado coa eliminación de máscaras e panos de uso hixiénico con posibles restos sensibles, mocos, tose...que se botarán na papeleira de pedal provista de bolsa plástica..

Id.	Material de protección

25.	Rexistro e inventario do material do que dispón o centro
O material será rexistrado polo Equipo Covid. Crearase un espazo para gardar dito material e levarase a contabilidade destes gastos de maneira específica.	

26.	Determinación do sistema de compras do material de protección
El Equipo Covid valorará o ritmo de gasto de existencias e irá mercando segundo as necesidades para ter sempre o necesario.	

27.	Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición
O Equipo Covid será o encargado da reposición ou da distribución do material de limpeza e desinfección que se vaian gastando, levando o rexistro de todos os gastos.	

Id.	Xestión dos abrochos

28.	Medidas

1.- Para a detección precoz, o persoal docente/ non docente/alumnado deberá realizar una auto- enquisa diaria de síntomas (ver **Anexo Autoenquisa**) antes da chegada ao colexio.

Non asistirán ao centro aquelas persoas que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aque- les que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2.- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 **no centro educativo seguirase un protocolo de actuación** previsto con antelación: **levarase a un espazo separado de uso individual**, e **contactarase coa familia**, no caso de afectar a alumnado.
Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.
En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo
Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.
- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houbese cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguíranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade.
A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
- Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O modelo a aplicar corres- póndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.
O modelo proposto establece catro fases:

1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)
Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o Equipo Covid do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.
Obxectivos:
- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles.
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada
- Reorganización das quendas para o horario da comida.

Duración: 1 semana
A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%.Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.
Obxectivos:
- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)
Duración: 1 semana
A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%.
Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)
Duración: 1 semana
A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%.Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.
Obxectivos:
- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)
Duración: 1 semana
A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%.
Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.
Obxectivos:
- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

4. Fase 4 (Fase de reactivación)
Duración: 1 semana
A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.
Obxectivos:
- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para do alumnado.
- O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.

29.	**Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa**
O responsable de realizar as comunicacións será o coordinador do equipo Covid.	

Id.	**Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade**

30.	**Procedemento de solicitudes**
- Atendendo ao apartado 9 do *protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021-2022* a persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar na que se recollen as causas para considerarse como grupo vulnerable e susceptible de ser considerado persoal sensible. Cubrir o ANEXO do propio protocolo. Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou por correo electrónico. - Unha vez a dirección do centro complete o informe das tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo e medidas de protección existentes, , esta documentación será enviada vía mail á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial correspondente. Mentres se tramita o informe da inspección médica o traballador terá a obriga de acudir presencialmente, en espera da resolución/posibles medidas de adaptación do posto de traballo ou incapacidade laboral, debendo achegar toda a documentación requirida polo servizo sanitario nun prazo de 3 días hábiles.	

Id.	Medidas de carácter organizativo

31.	Entradas e saídas

<table>
<tr><th colspan="3">ENTRADAS</th></tr>
<tr><th>E. INFANTIL</th><th>E. PRIMARIA</th><th>ESO</th></tr>
<tr><td rowspan="2">3, 4 e 5 ANOS

As 9:00 h
Acceso as aulas por diferentes portas segundo idade, sinalizadas convenientemente.</td><td>1º, 2º e 3º PRIMARIA

De 8:45 a 8:55h
No edificio de EI e primeiros cursos de EP, a través da entrada principal, accedendo directamente ás aulas sen necesidade de facer filas, circulando segundo o sentido indicado pola sinalización disposta no chan.</td><td rowspan="2">1º, 2º, 3º e 4º ESO

De 8:30 a 8:40h
No edificio de EP y ESO, a través da entrada principal, accedendo directamente ás aulas sen necesidade de facer filas, circulando segundo o sentido indicado pola sinalización disposta no chan.</td></tr>
<tr><td>4º, 5º y 6º PRIMARIA

De 8:45 a 8:55h
No edificio de EP y ESO, a través da entrada principal, accedendo directamente ás aulas sen necesidade de facer filas, circulando segundo o sentido indicado pola sinalización disposta no chan.</td></tr>
<tr><th colspan="3">SAÍDAS</th></tr>
<tr><td colspan="3">As saídas faranse poas portas asignadas a cada etapa.
Prégase ao familiar oo persoa autorizada para recoller aos alumnos a maior fluidez posible ca fin de evitar aglomeracións.</td></tr>
<tr><th>E. INFANTIL</th><th>E. PRIMARIA</th><th>ESO</th></tr>
<tr><td>Para a recollida do alumnado de E. Infantil abriranse as puertas dende as 13:45 ata as 13:55 horas, realizando a saída pola mesma porta pola que accederon previamente ao centro.</td><td>A saída do alumnado de E. Primaria será ás 13:55h, de maneira escalonada por cursos. No edificio de EP e ESO, os alumnos abandoarán o centro seguindo a sinalización existente no centro pola porta acondicionada para tal fin. As familias esperarán fóra dos portais en ambos edificios.</td><td>Sairán de forma ordeada e pola porta asignada para tal fin, segundo o sentido indicado pola sinalización disposta no chan.
As familias esperarán fóra do portal.</td></tr>
</table>

32.	Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo
Indicacións indicadas no punto anterior. Adxúntase plano no **anexo III** para consulta de portas de entrada, saída e circulación no centro.	

33.	**Cartelería e sinaléctica.**
A sinalización tanto vertical como horizontal disposta no centro indica o sentido do movemento do alumnado e profesorado pola dereita, tanto no momento de ir ás aulas como nas saídas. O centro tamén está provisto de carteis de uso obrigatorio de máscara, recordatorio de manter a distancia de seguridade e de puntos de desinfección con xel hidro alcohólico.	

34.	**Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado**
Seguirá as mesmas normas que o resto dos alumnos.	

35.	**Asignación do profesorado encargado da vixilancia** (só datos numéricos)
Un profesor por aula nas entradas e nas saídas. Dous profesores nas entradas de cada centro. Unha media de seis profesores para a vixilancia dos recreos	

Id.	**Medidas en relación coas familias e ANPA**

36.	**Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada**
O programa de madrugadores e as actividades extraescolares foron eliminadas como servicios que ofrece o colexio neste curso 2021/22.	

37.	**Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor**
As familias serán informadas con tempo do inicio das actividades, de ser o caso.	

38.	**Determinacións para as xuntanzas do Consello Escolar**
- As reunións do Consello Escolar serán preferentemente telemáticas na plataforma oficial que determine o centro no seu momento e presenciais, sempre e cando a evolución da COVID o permita.	

39.	**Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias**
- As titorías levaranse a cabo con cita previa. - Serán preferentemente telemáticas e, no caso de ser presenciais, terán lugar na titoría asignada ao grupo de alumno e coas seguintes medidas: □ Emprego de máscara. □ Hixiene de mans ao acceder á aula. □ Colocación de mampara na mesa da titoría. □ No caso de ser preciso a revisión dunha proba escrita, solicitarse previamente para ter una copia e evitar a manipulación conxunta de documentos.	

40.	Normas para a realización de eventos

Neste curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica non se celebrará conxuntamente nin festas de Nadal, Magosto, Paz, Entroido…

- Estas celebracións poden ter lugar dun xeito diferente, e lles corresponde aos diferentes equipos docentes a organización deles baixo estas premisas:
  - Evitar mesturas de alumnado de diferente curso o nivel.
  - Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
  - Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.
- En canto a actuacións no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas respecten o aforo e se respecten as normas de hixiene e ventilación entre actos.

Id.	Medidas para o alumnado transportado

41.	Medidas

As medidas acordadas para a realización do transporte escolar son as seguintes:

A entrada ao vehículo, desinfección de manos con xel hidro alcohólico facilitado polo condutor.

Designación fixa de asientos para todo o curso.

A máxima ventilación posible do habitáculo durante o transporte.

Uso obrigatorio da mascarilla durante todo o traxecto.

Desinfección do vehículo despois de cada traxecto.

Os nenos de EI usarán mascarilla durante o percorrido.

Id.	Medidas de uso do comedor

42.	Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado

Establécense duas quendas. Unha primeira para as etapas de EI e EP, e unha segunda para a ESO.

Os nenos e nenas ocuparán un lugar fixo, e estarán separados os grupos estables entre si por mamparas.

43.	Persoal colaborador no exterior

Un total de seis persoas por recreo.

44.	Persoal de cociña

Non aplica.

Id.	Medidas específicas para o uso doutros espazos

45.	Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas...

- As únicas áreas nas que o alumnado poderá abandonar a súa aula serán música e educación física.
- Isto implica que estas aulas terán a mesma dotación que as aulas convencionais (dispensadores de xel, papeleiras de pedal e panos desbotables) que permita realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión.
- O alumnado de PT e AL, poderá saír da súa aula ordinaria para acudir á de PT/AL, no horario establecido a tal fin.
- Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar una ventilación dun mínimo de 5 minutos e labores de limpeza básica.

Nas pistas cubertas exteriores, que teñen boa ventilación deberá desinfectarse o que sexa empregado polo alumnado na clase.

46.	Educación física

 Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións marcadas polo fabricante.
 Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
